



CONCELLO DO CORGO

Estrada N - VI, s/n - 27163 - O Corgo - LUGO - Telf.: 982 302 100. Fax: 982 302 068

ANUNCIO

PROCEDEMENTO SELECTIVO PARA A FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA AUXILIARES DE AXUDA NO FOGAR

A presente convocatoria ten por obxecto a selección de candidatos para a formación dunha bolsa de emprego para auxiliares de axuda no fogar para futuras contratacións temporais segundo as necesidades do servizo, tales como vacacións, incapacidades laborais transitorias, substitución de persoal con dereito a reserva do posto de traballo, acumulación de tarefas, etc., e será válida ata o 31 de decembro de 2019.

Esta convocatoria rexerese polas bases publicadas no BOP de Lugo nº 192, do 22 de agosto de 2017 no referente a requisitos dos aspirantes, sistema selectivo, documentación xustificativa a aportar, tribunal cualificador, aportación de documentación dos candidatos/as e temario.

Os interesados en participar neste procedemento selectivo presentarán instancia no Concello no prazo de **5 días hábiles** a partir do día seguinte á publicación deste anuncio no Diario El Progreso. A instancia e bases atópanse a disposición dos candidatos nas oficinas municipais.

Co gallo de obter un maior número de candidatos, a maiores deste anuncio, formularase oferta ao Servizo Público de Emprego.

A presente bolsa será complementaria da bolsa existente ata o 31 de decembro de 2018, data na que remata a vixencia da bolsa existente hoxendía.

Os sucesivos anuncios desta convocatoria faranse na páxina web do concello www.concellodocorgo.com (candidatos admitidos e excluídos, datas e lugar de celebración de probas, resultado do proceso, etc).

O ALCALDE,

José Antnonio Ferreiro González